


VIII.- O DESENVOLVEMENTO DO CONFLITO

A guerra tivo unhas características diferentes aos conflitos anteriores que lle valeron a súa denominación de **Gran Guerra** ou **Guerra mundial**. As máis destacables foron a súa **grande extensión territorial**, ao participar nela dezaseis nacións, algunhas con extensos Imperios coloniais que se viron implicados no conflito. E o emprego de **novas armas** ofensivas (metralladoras, lanzachamas, gases tóxicos, minas, submarinos, carros de combate, avións...), de **novos sistemas defensivos**, como as *trincheiras*, e de novas modalidades de loita, como a *guerra psicolóxica*, a *guerra submarina*, a *guerra económica*...



A contenda tamén impulsou **transformacións económicas e sociais**: a economía dos países contendentes introduciuse de cheo na produción de material de guerra; a sociedade pasou penurias, como o racionamento de alimentos e bombardeos, e as mulleres incorporáronse ao mundo laboral para substituír aos homes que combatían na fronte.

? 8.- Cales foron as **características** da IGM?



VIII.- O DESENVOLVEMENTO DO CONFLITO

8.- Cales foron as **características** da IGM?


*Inicialmente, os gobernantes e a poboación dos países combatentes **pensaron que a guerra sería curta**, o que desatou unha explosión de euforia popular alimentada polo nacionalismo e axitada polo sensacionalismo da prensa. Centos de mozos alistáronse e foron despedidos por multitudes entusiasmadas.*

*A propaganda converteuse nun arma de guerra máis para mobilizar á opinión pública e manter alta a moral en cada bando. Sen embargo, o curso dos acontecementos rematou tornando en desánimo a euforia inicial. A realidade demostrou o equivocado das previsións e a **Gran Guerra converteuse no conflito máis destrutivo** de todos os coñecidos ata entón.*



*Debuxo satírico publicado nun xornal alemán no ano 1914 que **mostra a confianza na vitoria de Alemaña e os seus aliados**. Alemaña e Austria-Hungría, máis grandes que os demais, están en actitude de mallar aos seus principais inimigos (humillados no chan) cun mallo, que se usaban nas eiras para separar o gran da palla. De aí o texto “A eira europea. Agora ímosvos mallar”.*

Nesta guerra enfrontáronse **dous grandes bloques de países** que, en grande medida, xa se configuraran nos anos anteriores ao desencadeamento do conflito. Fundamentalmente a guerra enfrontaba aos chamados *Imperios centrais*, membros da antiga *Triple Alianza* (Austria-Hungría e Alemaña) contra os países da *Entente*: Rusia, Francia e Gran Bretaña, coñecidos como aliados.



► Xunto aos aos Estados da Entente participaron diversos países: **Serbia** (país ao que lle declararon a guerra os austríacos pola súa suposta responsabilidade no asasinato de Saraxevo), **Bélxica** (forzada a intervir porque foi invadida polo exército alemán no camiño que lle conducía cara a Francia), **Italia** (que cambiou de bando, porque disputaba a Austria territorios existentes nos Balcáns, concretamente a costa dálmata -xunto ao mar Adriático), **Romanía** (rival de Bulgaria na rexión balcánica), **Grecia** (arrastrada ao conflito un pouco en contra da súa vontade pola súa importancia estratéxica), **Portugal** (tradicional aliado de Gran Bretaña), **Xapón** (interesado nas colonias alemáns do Pacífico) e **EEUU** (nun principio neutral, aínda que entrou de forma decisiva na guerra en 1917 cando a política alemá de “bloquear” o continente europeo cos seus submarinos prexudicou aos seus intereses económicos, impedíndolle seguir abastecendo cos seus produtos aos países europeos en guerra, especialmente aos países da Triple Entente).




► **Xunto aos Imperios centrais** interviñeron na guerra o **Imperio turco** (dependente economicamente de Alemaña) e **Bulgaria** (trataba de recuperar-se das perdas territoriais sufridas en anteriores conflitos fronte a países como Serbia ou Romanía).




En principio as previsións apuntaban a un conflito de curta duración que os bandos respectivos esperaban vencer con facilidade. Sen embargo **a guerra tivo unha duración de catro intensos anos: 1914-1918**, que poden resumirse nas seguintes fases:

1. A guerra de **movementos** (1914).
2. A guerra de **posicións** e de desgaste (finais 1914 -1916).
3. A **crise final**: derrota dos “Imperios centrais” e o final da guerra (1917-1918).

? 9.- Realiza un **esquema** dos **bloques** de países enfrontados na IGM, indicando os motivos da súa participación.




? 9.- Realiza un **esquema** dos **bloques** de países enfrentados na IGM, indicando os motivos da súa participación.



1ª fase: Guerra de movimientos

Inicio da guerra en dúas fronte (1914)




Fronte Occidental

Avance alemán rápido e por sorpresa a través de Bélxica e Luxemburgo co obxectivo de atacar París.
Fracaso alemán na Batalla do Marne ante os exércitos francés e inglés.

Fronte Oriental

Avance ruso. A pesar das grandes perdas e a derrota ante os alemáns en Tanneberg contribuíron a que os franceses poidesen resistir na fronte Occidental.

EL SISTEMA DE ALIANZAS EXTIENDE EL CONFLICTO, JULIO-AGOSTO 1914



2ª fase: Guerra de posicións

Novos países en guerra (finais 1914-1916): Turquía e Bulgaria en apoio dos Imp. centrais e Italia, Romanía, Portugal e Xapón do lado da T.Entente




Fronte Occidental

Construción de posicións estáticas: *Trincheiras*, protexidas por aramadas e metraladoras, desde as que se lanzaron ofensivas de **desgaste** (Verdum, Somme) que supuxeron un número moi elevado de mortos. As fronte case non se moveron. Novas armas: gases, tanques, minas, ...

No mar, os alemáns intentaron romper o bloqueo aliado con submarinos.

Fronte Oriental

Ofensiva alemana e os seus aliados cara ao leste. Conquista dunha ampla zona do Imperio ruso, Serbia e Romanía.



3ª fase: A crise final (1917-1918)

Entrada na guerra de novas potencias, sendo moi significativa a entrada de EEUU (potencia asociada aos países da Entente)

Fronte Occidental

Graves **problemas internos**:

- Falta de éxitos.
- Excesiva duración, desmoralización.
- Enorme perda de vidas humanas.
- Nacionalismo dentro do Imperio Austro-húngaro (descomposición interna).

O material aportado polos EEUU reduce o poderío xermano. Revoltas en Berlín. Abdicación do emperador alemán Guillermo II e proclamación da República.

A situación obrigou ás potencias centrais a pedir a paz, asinándose o **armisticio** o 11 de novembro de 1918.

Fronte Oriental

Retirada de Rusia en marzo de 1918 tras a *Revolución bolxevique* de 1917. Firma do **armisticio** de Brest-Litovsk (entre alemáns e rusos), que supuxo perdas territoriais para Rusia.



Delegación rusa presente na firma da paz de Brest-Litovsk.

? **10.-** Entre que **anos** se desenvolveu a guerra? Indica cales foron as súas **fases**, sinalando **os aspectos máis destacados** de cada unha.



? 10.- Entre que **anos** se desenvolveu a guerra? Indica cales foron as súas **fases**, sinalando **os aspectos máis destacados** de cada unha.



As operacións militares iniciáronse na **fronte occidental**, **Alemaña intentou unha vitoria rápida sobre Francia**, entrando por Bélxica e Luxemburgo, para poder concentrarse na fronte oriental e derrotar a Rusia. A comezos de setembro de 1914, os alemáns atopábanse a 40 Km de París, pero os exércitos francés e inglés conseguiron reorganizarse e deter ao exército alemán na **batalla de Marne**.

Rusia, atendendo as peticións de Francia, lanzou unha precipitada **ofensiva sobre Alemaña**. Os rusos foron **derrotados en Tannenberg**, pero conseguiron forzar aos alemáns a desviar tropas cara ao leste, o que salvou a París.

O fracaso das primeiras ofensivas **consolidou as fronteas**, polo que o **obxectivo era defender as posicións alcanzadas**. Na fronte occidental abríronse **trincheiras** desde Suíza ata o mar do Norte, e iniciouse unha fase na que o conflito converteuse nunha **guerra de desgaste**, na que cada **palmo de territorio gañado ao inimigo significaba decenas de miles de vidas perdidas** en constantes e infrutuosas ofensivas (en Verdun, morreron oitocentos mil soldados e en Somme un millón douscentos mil).




A Primeira Guerra Mundial ocasionou un número de baixas descoñecido ata entón, así como efectos devastadores sobre as infraestruturas. As novas tácticas militares, como a “guerra de posicións” e o seu sistema de trincheiras, fixeron interminable o conflito.

*As **condicións de vida nas trincheiras eran precarias**, os soldados vivían sometidos a unha falta absoluta de hixiene e ás inclemencias do tempo (o frío era tal que se estendeu o chamado “pé de trincheira”, un síndrome de conxelación que fixo frecuentes as amputacións). A vida nas trincheiras víase endurecida polo castigo ao que eran sometidos polos inimigos. Bombardeos de artillería, ataques masivos de gas que atemorizaban aos combatentes... causaron un goteo constante de baixas e aumentaron a incidencia dos desordes mentais entre os soldados.*

Ante a imposibilidade de dobregar as defensas inimigas, os mandos militares decidiron desprezar unha estratexia de ataques e incursións a campo aberto no medio do fogo inimigo, que case sempre resultaban infrutuosas e provocaban un gran número de mortos.



UNA TRINCHERA DE LA PRIMERA GUERRA MUNDIAL



globo observador

alambradas

gas

vigilante

artilleria

zanjas

trincheras enemigas

soldado muerto

puesto de comunicaciones


sacos terreros

enfermeria

Fue la primera guerra que se libró también en el cielo, con aviones como éste que sobrevolaban las trincheras enemigas y los pilotos lanzaban bombas con la mano.


LAS TRINCHERAS DE LA PRIMERA GUERRA MUNDIAL (frente occidental)

Una trinchera es una zanja defensiva que permite disparar a cubierto contra el enemigo. Paul Fussell estimó que durante la contienda se llegaron a excavar 40.000 km de trincheras aproximadamente. En teoría era posible caminar desde Suiza al sur hasta Bélgica al norte a través de las trincheras.



Los soldados de uno y otro bando convivían con ratas, ratones, piojos, garrapatas, gusanos, etc.

Había perros encargados de cazar las ratas, que podían servir de alimento.





*O entusiasmo ante a guerra derivou cara a frustración e o descontento. A perda de vidas, as condicións nas trincheiras, os sufrimentos da poboación civil, faltos de víveres e produtos de primeira necesidade... desembocaron en protestas tanto na fronte como na retagarda, polo que **o apoio á guerra foise desvanecendo**.*

A partir de 1917, tiveron lugar dous feitos cruciais para o equilibrio de forzas no conflito: a retirada de Rusia e a entrada de Estados Unidos.

*Estados Unidos entrou na guerra contra Alemaña como réplica aos ataques submarinos aos seus barcos e en defensa dos intereses financeiros, xa que fixeran elevados préstamos a Francia e Gran Bretaña. En marzo de 1918 produciuse a **retirada de Rusia**, que asinou a paz coas potencias centrais a cambio da perda de territorios.*

*En 1918 os aliados iniciaron unha ofensiva en todas as fronteas, provocando a progresiva rendición dos Imperio austro-húngaro e turco na fronte oriental. Na fronte occidental, **os alemáns foron derrotados** na segunda Batalla de Marne e producíronse revoltas no exército e na mariña, ademáis de manifestacións obreiras contra o goberno alemán. O alto mando alemán desmoralizouse ante o fracaso e presionou ao káiser, Gullerme II, que abdicou. Iniciouse así a República de Weimar, que **firmou o armisticio o 11 de novembro de 1918, a Primeira Guerra Mundial tiña chegado ao seu fin!!***

REPUBLICA - ANO LIII - NUM. 19322	DOMINGO 29 DE JUNIO DE 1919
EL IMPARCIAL	PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN
DIARIO LIBERAL	Año 1200
FUNDADO POR D. EDUARDO GASSSET Y ARTIME	Trimestre 300
LA PAZ HA VUELTO AL MUNDO	Por correo 350
Una fecha venturosa en la vida de la Humanidad	Por correo 400
Ayer, minutos después de las tres de la tarde, fué firmado en Versalles el Tratado	Por correo 450

